



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Socioloxía	Código	653G01202	
Titulación	Grao en Terapia Ocupacional			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Rodríguez Barcón, Alberto	Correo electrónico	alberto.barcon@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Barcón, Alberto	Correo electrónico	alberto.barcon@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa socioloxía como fundamento da Terapia Ocupacional.</p> <p>O obxectivo principal desta materia é proporcionar ao alumnado o material necesario para entender os procesos sociais que acontecen no devir das sociedades contemporáneas, dotalos de contido e aprender, desde unha perspectiva crítica, a estudar os fenómenos sociais máis importantes cos que comezou o século XXI. Con todo, a materia de Socioloxía dentro da titulación de Terapia Ocupacional non pode impartirse sen destacar unha visión interdisciplinaria do concepto de Saúde, no que debe incluírse a influencia das condicións sociais e culturais.</p> <p>A asistencia sanitaria e a saúde están relacionadas coa estrutura da sociedade e, ambas dependen, por tanto, da forma na que unha sociedade organice os seus recursos e proporcione benestar aos seus cidadáns. Desde esta perspectiva, existe unha conexión entre a estrutura social, a saúde e a enfermidade. O estado de saúde está relacionado coa desigualdade social, cos factores que xeran pobreza, co crecemento económico, coa renda per cápita, o dereito á educación, o desemprego e ás taxas de actividade. A finalidade desta materia de Socioloxía sería estudar a construción social da saúde. Polo que de maneira transversal trátanse aspectos relacionados co xénero e a diversidade, xa sexa por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais.</p> <p>Descritor: Coñecementos de Socioloxía e outras disciplinas das Ciencias Sociais que capaciten para a aplicación de tratamentos de Terapia Ocupacional en diferentes institucións e grupos sociais para poder previr e tratar situacións de inadaptación e reacción social.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Explicar los conceptos teóricos que sostienen la terapia ocupacional, expresamente la naturaleza ocupacional de los seres humanos y su funcionamiento a través de las ocupaciones.
A6	Trabajar en la sociedad con individuos y grupos para fomentar la promoción de la salud, la prevención, la rehabilitación y el tratamiento.
A7	Escoger, modificar y aplicar teorías apropiadas, modelos y métodos de la práctica para encontrar la ocupación según las necesidades de salud de individuos/poblaciones.
A19	Apreciar y respetar las diferencias individuales, creencias culturales, costumbres y su influencia sobre la ocupación y la participación.
A30	Divulgar los hallazgos de investigación para críticas relevantes.
A34	Considerar los avances en salud, cuidado social, sociedad y legislación a nivel internacional, nacional y local que afecten a los servicios de terapia ocupacional.
B3	Aplicar un pensamiento crítico, lógico y creativo.
B4	Trabajar de forma autónoma con iniciativa.
B8	Capacidad de análisis y de síntesis.
B13	Resolución de problemas.
B19	Comunicación oral y escrita en la lengua materna.
B26	Capacidad para adaptarse a nuevas situaciones.
B28	Toma de decisiones.



B29	Trabajo en equipo.
B31	Apreciación de la diversidad y de la multiculturalidad.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.
C6	Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.
C8	Valorar la importancia que tiene la investigación, la innovación y el desarrollo tecnológico en el avance socioeconómico y cultural de la sociedad.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecementos e capacidade para aplicar a Socioloxía dentro do contexto da Terapia Ocupacional, para aplicar a lexislación vixente dentro do contexto da Terapia Ocupacional e para utilizar os recursos sociosanitarios e económicos eficientemente.	A2 A6 A34	B4 B13 B26 B28	
Capacidade para aplicar o método científico para constatar a efectividade dos métodos de intervención, avaliar os métodos de traballo apropiados e divulgar os resultados.	A30	B3 B8 B19 B29	C1
Capacidade para traballar dunha maneira holística, tolerante, sen enxuízamentos, coidadosa e sensíbel, asegurando que os dereitos, crenzas e desexos dos diferentes individuos ou grupos non se vexan comprometidos.	A6 A7 A19	B31	C4 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- A socioloxía como disciplina científica. Concepto e obxecto.	1.1.- Que é a socioloxía? Aproximación teórica ao concepto de socioloxía. 1.2.- Beneficios e problemas da perspectiva sociolóxica.
Tema 2.- As orixes teóricas da socioloxía e as súas principais correntes de pensamento	2.1.- Émile Durkheim e o paradigma funcionalista. 2.2.- Karl Marx e a socioloxía do conflito. 2.3.- Max Weber e a teoría da acción
Tema 3.- A Socioloxía como ciencia. Métodos e técnicas da investigación cualitativa aplicadas á saúde.	3.1.- Introducción á metodoloxía en Socioloxía. Distinción entre metodoloxía cuantitativa e cualitativa 3.2.- Entrevistas en profundidade. 3.3.- Grupos de discusión 3.4.- Observación participante 3.5.- As fases dun proxecto de investigación
Tema 4.- A Socialización	4.1.- Que é o proceso de socialización? 4.2. Socialización primaria, socialización secundaria, resocialización 4.3. Os axentes socializadores: a familia, a escola, o grupo de pares, os medios de comunicación 4.4. A socialización diferencial segundo clase social, xénero e etnia



Tema 5.- Estratificación social, desigualdades e exclusión	5.1. As formas históricas de estratificación social 5.2. Clase social segundo Marx 5.3. Weber e a estratificación social 5.4. Teorías recentes da estratificación 5.5. A desigualdade na sociedade postindustrial
Tema 6.- A construción social da saúde e da enfermidade	6.1.- Saúde e xénero 6.2.- Saúde e etnia 6.3.- Saúde e clase social 6.4.- A contorna física e a súa influencia na saúde
Tema 7. A dinámica da poboación	7.1. Poboación e crecemento 7.2. Transicións demográficas 7.3. O envellecemento da poboación 7.4. A poboación dependente e as súas necesidades asistenciais
Tema 8.- Política social e Servizos Sociais	8.1.- A xénese do estado do benestar 8.2.- Un "modelo mediterráneo" do benestar en España 8.3.- Clasificación dos servizos sociais 8.4.- As necesidades sociais non cubertas a través da política social. O papel do terceiro sector. 8.5.- Os novos retos do estado do benestar.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A19 A30 A34 B19 B31 C1 C4 C6 C7 C8	24	18	42
Traballos tutelados	A6 A7 A19 A30 A34 B3 B4 B8 B13 B19 B26 B28 B29 C1 C4 C6 C7 C8	20	25	45
Obradoiro	A6 A7 A19 A34 B3 B4 B8 B13 B19 B26 B28 B29 C1 C4 C6 C7 C8	25	12	37
Proba obxectiva	A2 B19 C1 C4	2	20	22
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos/ás estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Motivarase e valorarase a participación dos alumnos/as, mediante preguntas ou/e debates.
Traballos tutelados	Realización dun traballo en grupo, de carácter empírico relacionado coa temática da materia. Deberase expor oralmente na aula.
Obradoiro	Realización de actividades prácticas (de carácter grupal ou individual) nas que se poden combinar diferentes probas: lecturas, debates, análises de fontes secundarias, comentarios críticos, resolución de problemas, roll play, etc. Trátase de prácticas sobre un tema específico, realizadas co apoio e supervisión do profesor.
Proba obxectiva	Exame correspondente ás convocatorias oficiais sobre a totalidade do temario.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados Obradoiro	A atención personalizada será de carácter individual (ou grupal) para solucionar dúbidas e/ou problemas que xurdan durante as clases, a realización das prácticas ou a elaboración do traballo grupal.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A2 B19 C1 C4	Exame correspondente ás convocatorias oficiais coa totalidade do temario. Realízase de xeito persoal ou a través de Moodle.	40
Traballos tutelados	A6 A7 A19 A30 A34 B3 B4 B8 B13 B19 B26 B28 B29 C1 C4 C6 C7 C8	Traballo grupal de carácter práctico relacionado coa materia da asignatura que será exposto oralmente na clase	30
Obradoiro	A6 A7 A19 A34 B3 B4 B8 B13 B19 B26 B28 B29 C1 C4 C6 C7 C8	Prácticas, actividades, asistencia e participación ao longo do curso	30

Observacións avaliación

Todas as actividades, tarefas e traballos a realizar ao longo do cuadrimestre van contabilizarse para a nota final.

O conxunto de prácticas (Obradoiro e traballo tutelado) asistencia e participación suporán o 60% da cualificación, o exame final o 40%. Desta forma valórase e compénsase todo o traballo realizado.

As prácticas do obradoiro e o traballo tutelado realizaranse ao longo do cuadrimestre. O exame final terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC. Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto a parte práctica (traballos e prácticas) como o exame.

Aqueles/as alumnos/as que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial (os que non se acollan á avaliación continua presencial), deberán pórse en contacto coa profesora ao inicio do curso. A súa avaliación basearase nun traballo empírico individual sobre un tema relacionado coa materia (30% da nota), un traballo individual sobre un libro ou unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota).

Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados e prácticas (60%) como o exame (40%)

Gardaranse as notas dos traballos e das prácticas para a segunda oportunidade.

Os materiais utilizados nas sesións, presentacións, audiovisuais, lecturas e prácticas tamén serán postos a disposición do/a alumno/a en formato dixital a través da plataforma Moodle.

Na medida do posible, os traballos e prácticas entregaranse en formato dixital a través da plataforma Moodle, sen necesidade de imprimilos.

No caso de detectarse plaxio, o/a estudante será cualificado con "suspense" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Bauman, Z. y May, T. (1994). Pensando sociologicamente. Buenos Aires: Nueva Visión- Durán, M.A. (1983). Desigualdad social y enfermedad. Madrid: Tecnos- Durán, M.A. (2007). Tiempo de salud, tiempo de enfermedad: Diferencias de edad, género y clase social. Revista Vasca de Sociología y Ciencia Política: Inguruak, 44- Durkheim, E. (1997). Las reglas del método sociológico. Madrid : Akal- Fernández Maíllo, G. (2019). Informe sobre exclusión y desarrollo social en España. Madrid: Fundación FOESSA- Giddens, A. (2002). Sociología . Madrid: Alianza- Nussbaum, M. (2010). Sin fines de lucro. Por qué la democracia necesita de las humanidades. Buenos Aires: Katz Editores- Solsona Cisternas, D. (2018). Enseñar metodologías de investigación en la formación profesional un diálogo interdisciplinario entre la sociología y la terapia ocupacional. Argentina: Revista Latinoamericana de Metodología de la Investigación Social- Tezanos, F. (2014). Introducción general Qué es la sociología. UNED- Tobío Soler, C. (2007). Sociología del género y sociología de la mujer. Madrid: CIS, FES- Wright Millis, Ch. (1961). La imaginación sociológica. México: Fondo Cultura Económica <p>As lecturas obrigatorias, serán postas a disposición dos/as alumnos/as en formato dixital a través da plataforma Moodle.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Abercrombie, N. (1984). Diccionario de Sociología. Madrid: Ed. Cátedra.- Adorno, T.H. y Horkheimer, M. (1971). La sociedad. Lecciones de Sociología. Buenos Aires: Ed. Proteo- Amin, S. (1974). El desarrollo desigual.. Barcelona: Fotanella- Ayala, F. (1994). Introducción a las Ciencias Sociales. Madrid: Ed. Cátedra.- Barton, L. (1998). Discapacidad y sociedad. Madrid: Morata- Beltrán, M. (1991). La realidad social. Madrid: Ed. Tecnos.- Berger, P. (1971). Iniciación a la Sociología: una perspectiva humanística.. México: Ed. Limusa.- Birnbaum, N. (1984). Hacia una sociología crítica. Barcelona: Península- Bottomore, T.B. (1989). Introducción a la Sociología.. Barcelona: Península.- Burke, P. (1987). Sociología e historia. . Madrid: Alianza Ed.- Comelles, J. M., y Martínez, A. (1993). Enfermedad, Cultura y Sociedad. Madrid: Eudema- De Miguel, J. (1990). Salud y poder. Madrid: Siglo XXI- Esping-Andersen, G. (2000). Fundamentos sociales de las economías postindustriales. Barcelona: Ariel- Giner, S., Lamo de Espinosa, E. y Torres, C. (2006). Diccionario de Sociología. . Madrid: Alianza Editorial.- Goffman, E. (1987). a presentación de la persona en la vida cotidiana. Buenos Aires: Amorrortu- Goldthorpe, J. E. (1982). Introducción a la sociología.. Madrid: Alianza.- Izquierdo, A. (1989). Fundamentos de Sociología. Madrid: Playor.- Kerbo, H. R. (2003). Estratificación social y desigualdad. Madrid: McGrawHill- Lengermann, Patricia M.; Niebrugge, Gillian (2019). Fundadoras de la sociología y la teoría social 1830-1930. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas- Lostao, L. y Regidor, E (2002). Desigualdades sociales en salud en España. Madrid: Pearson- Macionis, J.J. y Plumer,K. (2012). Sociología. Madrid: Pearson- Pérez Díaz, V. (1980). Introducción a la Sociología: concepto y método de la ciencia social en su historia. . Madrid: Alianza.- Rocher, G. (1996). Introducción a la Sociología general. . Barcelona: Herder.- Touraine, A. (1978). Introducción a la sociología.. Barcelona: Ed. Ariel.- Tezanos Tortajada, J. F. (2000). iniciación a la Sociología: La Sociedad. Madrid: UNED- Wilkinson, S. y Kitzinger, C. (coord.) (1996). Mujer y salud. Una perspectiva feminista. Barcelona: Paidós.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Antropoloxía Social e Cultural/653G01104

Antropoloxía Social e Cultural/653G01C01

Documentación, metodoloxía cuantitativa e cualitativa/653G01C03

Materias que continúan o temario

Antropoloxía Social e Cultural/653G01104

Antropoloxía Social e Cultural/653G01C01

Documentación, metodoloxía cuantitativa e cualitativa/653G01C03

Observacións

-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, tratarase de incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballarse para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías